



## Concello de Xove

**Xestor de Expedientes. Expediente núm.: 1267/2023**

**Procedemento: CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL “MÍRANOS” 2023 2024**

**Documento asinado por: A AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL  
BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA  
COMPETITIVA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL  
“MÍRANOS”**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS), Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto contribuír á promoción do comercio local, promover a creatividade dos establecementos e incentivar que os establecementos comerciais de Xove decoren os seus escaparates con motivos de Nadal de cara ás próximas festas, de maneira que sexan máis atractivos para a veciñanza e clientela, á vez que contribúan a crear un especial ambiente festivo na rúa, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes bases:

### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de escaparatismo de Nadal 2023-2024

### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos situados na localidade de Xove e que teñan unha vitrina, independentemente do produto que oferten ao público, locais comerciais, perruquerías, centros estéticos, establecementos de hostalaría, despachos de oficinas, centros formativos, etc.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Folla de inscrición establecida ao efecto

A folla de inscrición deberá presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Xove (presencialmente ou en liña: <https://xove.sedelectronica.gal>) desde o 27 de novembro de 2023 ás 09:00 horas ata o 12 de decembro de 2023 ás 14:00 horas. No suposto de que unha empresa teña varios establecementos, poderá presentar tantas Follas de Inscrición como escaparates opten ao concurso.

### **TERCEIRA.- NORMAS DO CONCURSO**

O tema debe gardar relación co Nadal. Os establecementos participantes terán total liberdade en canto á técnica e ao estilo.

Os escaparates deberán estar preparados antes das 24:00 do día 12 de decembro de 2023.

Os establecementos enviarán unha única fotografía do escaparate ao seguinte enderezo: [aedl@xove.es](mailto:aedl@xove.es) antes das 24:00 horas do día 12 de decembro. Se a persoa propietaria do establecemento cre necesario enviar máis dunha foto para a correcta visualización do seu escaparate deberá mandar todas as fotos en forma de *collage*, enviando así unha única fotografía. Os escaparates deberán estar suficientemente iluminados e en condicións de tal xeito que permitan ser vistos polo público durante toda a campaña de Nadal.

Caso de non enviarse fotografía considerarase que o establecemento non participa no concurso.

Establécense dous premios: PREMIO XURADO e PREMIO POPULARIDADE FACEBOOK, coa formalización da inscrición e cumprimento das normas óptase ás dúas categorías.

### **CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 600 euros €: 300 euros para cada premio (partida 4314.481 do Estado de Gastos do Municipal).

Os premios serán concedidos no exercicio seguinte ao da convocatoria co que será de aplicación o previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba





## Concello de Xove

o regulamento da LXS sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Estimarase deserta a convocatoria se hai menos de 15 inscricións, é dicir, se non se acadan un mínimo de 15 participacións o concurso non terá lugar.

### QUINTA.- PREMIOS

Haberá dous premios:

- PREMIO XURADO: para o escaparate que resulte seleccionado polo xurado designado a este efecto que consistirá en 300,00 Euros.
- PREMIO POPULARIDADE FACEBOOK: para o escaparate que acade máis “me gusta” que consistirá en 300,00 Euros.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, non está suxeito a retención o premio anterior.

### SEXTA.- SELECCIÓN DO ESCAPARATE GAÑADOR PREMIO XURADO.

O xurado visitará os escaparates dos establecementos participantes no período comprendido entre o 14/12/2023 e o 03/01/2024 e valorará a cada un cun máximo de 100 puntos co arranxo aos seguintes criterios de puntuación:

1. Deseño e montaxe. Máximo 50 puntos
2. Creatividade e orixinalidade. Máximo 25 puntos
3. Iluminación. Máximo 15 puntos
4. Atractivo comercial. Máximo 10 puntos

Unha vez rematado o prazo, pola axente de emprego e desenvolvemento local acreditarase mediante informe o número e razón social de establecementos participantes así como o número de puntos obtidos por cada un deles. Este informe terá o carácter de proposta de concesión do premio. No caso de empate, o premio outorgarase ao establecemento que acadase maior puntuación no criterio número 1 segundo a valoración do membro do xurado: profesional do escaparatismo, que non poderá outorgar a mesma puntuación –no criterio nº 1- a dous ou máis escaparates..

### SÉTIMA.- COMPOSICIÓN DO XURADO PARA O PREMIO XURADO.

O xurado estará composto por un profesional do escaparatismo, unha persoa representante da Asociación local Bolboretas e un artista plástico. Actuará como Secretaria do Xurado a Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, que actuará con voz e sen voto.

### OITAVA.- SELECCIÓN DO ESCAPARATE GAÑADOR PREMIO POPULARIDADE FACEBOOK.

As fotografías enviadas serán subidas á páxina de Facebook “Emprego e Desenvolvemento Local Xove”. O escaparate gañador será o que resulte máis popular, é dicir o que maior número de “me gusta” obteña desde o 14 de decembro de 2023 ata o 4 de xaneiro 2024 ás 09:00 horas.

Unha vez rematado o prazo, pola axente de emprego e desenvolvemento local acreditarase mediante informe o número e razón social de establecementos participantes así como o número de “me gusta” obtidos por cada un deles. Este informe terá o carácter de proposta de concesión do premio. No caso de empate o premio será repartido a partes iguais entre os establecementos gañadores.

### NOVENA.- ACUMULACIÓN DE PREMIOS.

Os premios non son acumulables, se o escaparate gañador do PREMIO XURADO acadase o maior número de “me gusta” a través da plataforma FACEBOOK, o PREMIO POPULARIDADE outorgarase ao escaparate que obtivese a segunda mellor posición nesta modalidade.

### DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da folia de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.





## Concello de Xove

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

### **UNDÉCIMA.- NORMAS DE CONTROL E SEGURIDADE APLICADAS ÁS VOTACIÓNS EN FACEBOOK**

O Concello de Xove como organizador do Concurso, resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta da que a Organización sospeite que teña por finalidade ou efecto calquera intento de actuar en fraude da presente campaña ou non incumprimento das súas normas en prexuízo de outros participantes.

O Concello resérvase o dereito de invalidar, expulsar, eliminar ou non ter en conta no cómputo aqueles perfís que considere sospeitosos de calquera intento de participación fraudulenta, incluído, a modo enunciativo e non limitativo, o intento de rexistro de máis dun perfil de usuario de Facebook por parte dunha persoa, creación de perfís falsos ou usurpación de identidade.

Do mesmo xeito, o Concello resérvase o dereito de poñer calquera sospeita neste sentido en coñecemento da empresa responsable da plataforma Facebook, para que se adopten as medidas que correspondan. Igualmente, o Concello resérvase o dereito de emprender as pertinentes accións legais que puideran corresponderlle.

O Concello resérvase o dereito a descargar e excluír do concurso calquera resposta enviada polo usuarios cando o considere oportuno.

### **DUODÉCIMA.- INFORMACIÓN ÁS PERSOAS BENEFICIARIAS DOS PREMIOS**

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

*O órgano xestor,  
Asdo. Rosa Lage Canoura  
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE*

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**





## Concello de Xove

---

